

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2022/4	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	28 de abril de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 20:32 ata as 21:44 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	Verónica Tourón Domínguez
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

### **Aprobación da acta das sesións anteriores.**

#### Acta sesión número 2022/1 extraordinaria de 17 de febreiro

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2022/1, extraordinaria de 17 de febreiro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2022/1, extraordinaria de 17 de febreiro; sendo aprobada por ONCE votos a favor dos Sres/as Tourón Domínguez, González Coto, Ledo Souto, Castiñeira Alén, Rodríguez Canosa, Pereira González, González González, Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, González Souto e Pérez Domínguez e DÚAS abstencións das Sras. Pérez Cabaleiro e Valcárcel Bernárdez por non asistir á sesión.**

#### Acta sesión número 2022/2, ordinaria de 24 de febreiro

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2022/2, ordinaria de 24 de febreiro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2022/2, ordinaria de 24 de febreiro; sendo aprobada por DOCE votos a favor dos Sres/as Tourón Domínguez, González Coto, Ledo Souto, Castiñeira Alén, Rodríguez Canosa, Pereira González, González González, Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, González Souto, Pérez Cabaleiro e Pérez Domínguez, e UNHA abstención da Sra. Valcárcel Bernárdez por non asistir á sesión.**



**Expediente 896/2022. Aprobación inicial da modificación do Regulamento de funcionamento do programa de alimentos.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sra. Ledo Souto:** Este es un cambio en el Reglamento de funcionamiento do programa de alimentos municipal. En el momento que se hizo se puso una cantidad de dinero para tener en cuenta los ingresos fijo y quedó así establecido y con el paso del tiempo interesa que vaya subiendo a medida que va subiendo la vida. Las modificaciones son en el artículo 3, en el apartado 4.3 que deduce 300€ mensuales tanto por alquiler como por hipoteca, que se sube de 300€ a 350€, van a ser deducibles los 350€ al mes y después en el artículo 4, en el apartado 4.1 el principal cambio es la referencia de los ingresos a tener en cuenta, en este caso se pone como referencia el IPREM, que es un índice que se tiene en cuenta para casi todos tipos de ayudas que hay, de vivienda, educación etc.. al ponerlo así lo que hacemos es que cada año vaya subiendo sin necesidad de tener que andar cambiando el Reglamento cada año y también sube la cuantía de los ahorros que tiene que tener la unidad familiar. Es un poco para actualizarlo, para que esté un poco más en la realidad de lo que tenemos hoy en día, que los sueldos van subiendo, las pensiones van subiendo, y poder acercarnos a más familias que tienen necesidad y que con lo que teníamos hasta ahora quedaban fuera muchas personas y así hacemos un ajuste mas real .

**Sra. Pérez Cabaleiro:** O punto que traemos hoxe, como comentou a compañeira Gela, é de especial relevancia xa que para que todos os fogares, e en xeral para todas as familias salcedenses, xa que tratamos a modificación dun regulamento de funcionamento do programa de alimentos do Concello de Salceda de Caselas, tan necesario para moitos veciños e veciñas de Salceda. O primeiro que queremos facer en nome deste Grupo é agradecer ao equipo de servizos sociais deste Concello polo seu traballo neste eido en todos estes anos e tamén pola súa proposta para a modificación deste Regulamento. Como todos sabemos, a situación da sociedade cambia, a situación socioeconómica cambia e evidentemente máis poboación necesita acceder a este programa de alimentos, polo cal agradecemos esta modificación. Este Regulamento foi aprobado en agosto de 2015 e dende entón non tivo cambios cando a situación económica si os tivo, polo que fai necesaria a actualización neste caso do baremo económico que se adapta ao novo contexto socioeconómico que temos na actualidade. Como se sinala no informe por parte das traballadores sociais e do equipo de servizos sociais, elas son a porta de entrada aos colectivos máis vulnerables e dan resposta as necesidades básicas en concordancia coa realidade económica que estamos a vivir, polo que este regulamento trae dúas modificacións, unha como ben se sinalou, que sexan deducibles os ingresos mensuais o custo de pago do aluguer e hipoteca antes de 300€, agora de 350€ e tamén o baremo económico para acceder ao programa de alimentos. Ata agora un membro da unidade de convivencia o límite de ingresos mensuais nas contas bancarias eran de 800€, agora pasa a 1000€, 1500€, 1700€, 2400€ e 3000€ sucesivamente, cambiando a situación que viviamos ata agora. Como ben sinalou a compañeira e tamén sinalo eu, na actualidade estamos a vivir un encarecemento nos recursos do



día a día, luz, gasóleo, alimentos en xeral, polo que reiteramos que as administracións públicas teñen que ser as que dean respostas as necesidades básicas dos veciños e de aí a modificación deste baremo económico que o noso grupo, por suposto, vai votar a favor desta modificación, a cal consideramos moi importante para que máis veciños poidan acceder a este programa de alimentos.

**Sra. Castiñeira Alén:** Como ven dicía Ana Cristina, un servizo que foi regulado no 2015, sete anos despois vai sendo hora de que se actualice esta ordenanza porque a realidade que vivimos é outra. En primeiro lugar quero agradecer o traballo técnico, ao persoal do departamento de servizos sociais e agradecer tamén o traballo de Gela, para que máis familias se poidan acoller a este programa e a este servizo tan importante, que foi clave dende o 2015 e sobre todo na época COVID, que como lembraredes aumentaron moitísimo os usuarios e usuarias deste servizo. Agora mesmo esa necesidade por fortuna é menor, pero con esta modificación o que imos permitir e que máis familias teñan acceso a esta axuda. Falabamos o outro día de entorno a dez familias que con este novo axuste terán posibilidades de recibir a prestación deste servizo. Movemento Salceda como non podía ser doutro xeito vai votar a favor.

**Sra. Alcaldesa:** Tanto como explicou a Concelleira de área coma as representantes dos outros dous grupos, esta é unha necesidade que hai que adaptar, un regulamento que foi aprobado no 2015, á nova situación actual. Temos unha lista de agarda de familias que entrarían con esta modificación deste regulamento e creo que temos que dar resposta. Como dicía Ana Cristina, dende as administracións temos que dar respostas ás necesidades máis básicas e esta é unha delas. Estou contenta con que esteamos todos e todas de acordo nun tema que é moi importante e crucial para moitas familias. Tamén agradezo tamén o traballos técnico de servizo sociais, de todo o persoal e tamén da Concelleira de área que pouco a pouco se van adaptando as circunstancias actuais e darlle resposta a toda a veciñanza que o precise. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Visto que por acordo do Pleno de data 28.08.2015, aprobouse o Regulamento de funcionamento do programa de alimentos do Concello de Salceda de Caselas (BOPPO núm.215 de 06.11.2015).*

*Vista a necesidade de proceder á modificación do devandito Regulamento en relación ao baremo económico que da acceso ao programa, polas causas expostas no informe emitido polas traballadoras Sociais do Concello en data 12.04.2022.*

*Vista a proposta da Concelleira de Benestar Social de data 12.04.2022.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2022-0010 sobre o procedemento e a lexislación aplicable.*

*Realizada a tramitación correspondente e vista a competencia do Pleno, en virtude*



dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 3 do Regulamento de funcionamento do programa de alimentos no seu apartado 4.3 que actualmente di “4.3.- Serán deducibles dos ingresos mensuais o custe dos gastos de aluguer ou hipoteca da vivenda habitual, ata un máximo de 300€ mensuais” quedando redactado da seguinte forma:

“4.3.- Serán deducibles dos ingresos mensuais o custo do pago do aluguer ou hipoteca da vivenda habitual, ata un máximo de 350€ mensuais”.

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 4 do Regulamento de funcionamento do programa de alimentos no seu apartado 4.1 quedando redactado da seguinte forma:

4.1- O baremo económico para acceder ao programa de alimentos queda definido da seguinte forma podendo acceder ás axudas as persoas solicitantes que acrediten ingresos mensuais inferiores aos recollidos no cadro que se xunta para cada un dos niveis en función do número de membros na unidade de convivencia:

Nº PERSONA DA UNIDADE CONVIVENCIA	LÍMITE DE INGRESOS
1 ou 2	125% IPREM vixente
3	150% IPREM vixente
4	175% IPREM vixente
5 ou máis	200% IPREM vixente

Ademais deben presentar, todas as persoas convivintes, un saldo nas súas contas bancarias inferiores ao recollido no cadro que se xunta:

Nº MEMBROS UNIDADE CONVIVENCIA	
1	Saldo inferior a 1.000€
2	Saldo inferior a 1.500€
3	Saldo inferior a 1.700€



4	Saldo inferior a 2.400€
5 ou máis	Saldo inferior a 3.000€

*Nos ingresos computables non se terán en conta as pagas extraordinarias, de selo caso.*

**TERCEIRO.** *Someter dita modificación a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.*

*Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.*

*Simultaneamente, publicar o texto da modificación do regulamento no portal web do Concello <http://salcedadecaselas.es/> “*

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 3 do Regulamento de funcionamento do programa de alimentos no seu apartado 4.3 que actualmente di “4.3.- Serán deducibles dos ingresos mensuais o custe dos gastos de aluguer ou hipoteca da vivenda habitual, ata un máximo de 300€ mensuais” quedando redactado da seguinte forma:

“4.3.- Serán deducibles dos ingresos mensuais o custo do pago do aluguer ou hipoteca da vivenda habitual, ata un máximo de 350€ mensuais”.

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 4 do Regulamento de funcionamento do programa de alimentos no seu apartado 4.1 quedando redactado da seguinte forma:

4.1- O baremo económico para acceder ao programa de alimentos queda definido da seguinte forma podendo acceder ás axudas as persoas solicitantes que acrediten ingresos mensuais inferiores aos recollidos no cadro que se xunta para cada un dos niveis en función do número de membros na unidade de convivencia:



Nº PERSONA DA UNIDADE CONVIVENCIA	LÍMITE DE INGRESOS
1 ou 2	125% IPREM vixente
3	150% IPREM vixente
4	175% IPREM vixente
5 ou máis	200% IPREM vixente

Ademais deben presentar, todas as persoas convivintes, un saldo nas súas contas bancarias inferiores ao recollido no cadro que se xunta:

Nº MEMBROS UNIDADE CONVIVENCIA	
1	Saldo inferior a 1.000€
2	Saldo inferior a 1.500€
3	Saldo inferior a 1.700€
4	Saldo inferior a 2.400€
5 ou máis	Saldo inferior a 3.000€

Nos ingresos computables non se terán en conta as pagas extraordinarias, de selo caso.

**TERCEIRO.** Someter dita modificación a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación do regulamento no portal web do Concello <http://salcedadecaselas.gal/>

**Expediente 572/2022. Aprobación da modificación do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES).**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento



**Sr. González Coto:** Vou facer un breve cronoloxía e un resume do que é un Plan de acción para o clima e a enerxía sostible, o PACES, para concentrarme nas modificacións que hoxe pretendemos aprobar.

O 22 de febreiro do 2019 o Concello de Salceda de Caselas adheriuse á iniciativa europea do pacto das alcaldías para o clima e a enerxía co compromiso de elaborar un documento e un plan cunha serie de medidas a levar a cabo e reducir as emisións de CO2 nun 40% ata o ano 2030. Posteriormente, o 30 de novembro de 2020, aprobouse por unanimidade do Pleno este Plan polos partidos políticos que estamos hoxe aquí presentes. A estrutura desde documento PACES ten unhas esixencias técnicas que debe cumprir e divídese en tres partes que son: Inventario de emisións de referencias (IER), análises de riscos e vulnerabilidades (RV) e as medidas dese plan de actuación (PACES). Ao mesmo tempo, é un documento vivo como xa o dixemos o día de aprobación e dende a Concelleira de Medio Ambiente, estivemos todo este tempo en contacto coa oficina técnica do Pacto de Alcaldías, froito desas conversacións saíron esas suxerencias aportadas por ambas as dúas partes e que hoxe traemos para modificar no PACES, e que paso a explicarvos:

Punto 1, procedemos a cambiar o formato das medida do Plan, creando unhas fichas para cada medida denominada incidencia de mitigación onde reflexamos os datos, porcentaxes, cifras de aforro enerxético moito máis claras. Punto 2, engadimos dentro da área de instalacións municipais a medida de implantación de enerxía renovable fotovoltaica. Punto 3, detectamos que había diferenza entre as cifras do documento e as da plataforma da oficina do Pacto de Alcaldías, foi un problema de decimais que ao pasar os datos do Excel a súa plataforma non os recollía ben, si é verdade que é algo que modifica a información dentro do documento pero si que lle notificamos porque había en outros documentos que si lles había pasado, pero non era o noso caso. Cuarto punto, as medidas da área de mobilidade pasan a chamarse transferencia modal cara traxectos a pe e bicicleta, e posteriormente e dentro de ese grupo agrúpanse as medidas chamadas anteriormente carril-bici, potenciar o uso da bicicleta e vehículos eléctricos para denominarse agora creación de aparcamentos disuasorios, redución do uso do transporte privado, cortes periódicos en vías e peonalización de vías e implantación de berirarrúas. Estas son as modificacións e espero que sexan aprobadas.

**Sr. González Souto:** Rubén fixo unha cronoloxía dos feitos e agora traedes unha modificación e ampliación que sen dubida lle facía falta. Este grupo, recordo que cando foi a aprobación, reprochabamos que era un documento moi xenérico que non aportaba, este tamén se pode mellorar pero solucionouse en gran parte as carencias que podía ter, de feito, contemplei como recollades algunhas das propostas que naquel momento se falou aquí no pleno polo noso grupo. Creo que se pode ter algunha idea máis innovadora, pensar máis na redución de emisións que é un tema importante e ademais que as administracións incentivan economicamente certo tipo de reducións de emisión e hai que estar atentos para aproveitalo, non só polo medio ambiente senón tamén polas consecuencias económicas que ten os gastos da





administración, como o tema de dos paneis fotovoltaicos. De feito, no punto inclusión de novas medidas a tomar na área de instalacións municipais, implantación de enerxía renovable fotovoltaica, creo que o Concello chega tarde, no contexto de inflación altísima que temos, quero dicir, os custes deste tipo de instalacións están disparadas, de feito si esta decisión se tomara fai un ano posiblemente poderíamos aforrar un 20% no coste deste tipo de instalacións. O custe da enerxía, disparado, de pagar o KV a 13 céntimos unha vivenda atopase agora que en valle ou en punta está pagando a case 50 céntimos o KV e a administración tamén lle pasa, de feito, vostedes poderán comprobar que nos orzamentos que fixeron o consumo eléctrico, por non ter unha previsión neste senso, váiselle a incrementar na carga orzamentaria. No tema de facer fronte a este tipo de instalacións, custe da enerxía, que o xustifica; xuros, o concello podería pedir un crédito porque neste caso vai ser un crédito que se vai pagar só, só co aforro enerxético de feito o noso grupo estaría disposto a propolo para abordar ese tipo de instalacións. Hai que ter en conta que hai unha subvención agora mesmo no INEGA que empezou no 2021 e remata no 2024 que é dedicada a, leo: “vinculadas ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector no marco do plan de recuperación”. Agora mesmo hai subvencións abertas para este tipo de instalacións.

Outra cousa que temos que pensar é que os edificios municipais ás horas de actividade que hai, digamos de 8 a 3 da tarde, a instalación dos paneis fotovoltaicos non é unha opción, é unha prioridade pola súa rendabilidade económica. Realmente os paneis fotovoltaicos xeran electricidade durante o día e é cando máis demanda ten o Concello, e quen di o Concello di a Casa da Cultura, o centro médico, o CDL. Tamén poderíamos ir máis alá, como pola tarde haberá un remanente de enerxía incluso eses vehículos eléctricos que teñen pensando cambiar o día de mañá como estarán aparcados no soto, poderanse estar cargando e a súa vez aproveitando ese remanente de enerxía que xeran esas placas e si se colocan cargadores cerca do Concello, poderíamos dispor de cargadores para coches eléctricos alimentados por eses paneis, evidentemente ata certas horas, ata que haxa luz. O problema que se atopan os Concellos e os políticos en xeral e que pensamos en políticas a curto prazo, onde buscamos un rendemento rápido das obras que se fagan ou as inversións para rendabilizar uns votos. Eu quero facer unha comparación, aquí o outro día aprobamos un proxecto na rúa Rollo sobre 130.000€ para modificar unha zona que despois, cando se urbanice, posiblemente esas obras que se fagan se destrocen para facer outras novas.

**Sra. Castiñeira Alén:** En canto á proposta que se trae neste punto dous da convocatoria, simplemente dicir que é unha modificación esixida polo persoal técnico da oficina do PACES, non son substanciais, son necesarias as dúas correccións e había que tralo a esta sesión plenaria, pero si me gustaría destacar ou dicir que estando en parte de acordo co discurso de Tivo, do cortopracismo que buscamos todos, porque a veces o tempo marca e máis en política, non sempre as cousas non se fan con previsión ou non sempre non se fai un traballo a corto prazo ou medio prazo ben



feito. Hai traballo feito, sobre todo en canto a aforro enerxético, cambiáronse as luminarias recentemente de todo o casco urbano cunha inversión de máis de 100.000€, está solicitada unha subvención de 1.435.000€ ao IDAE para o cambio de iluminarias de todas as parroquias, esperamos que sexa concedida e que poidamos realizar esas melloras non só a calidade lumínica das nosas parroquias senón no aforro que supón para todos os veciños e veciñas para o Concello en definitiva, e tamén se fixo traballo de solicitude ao INEGA para tres instalacións municipais, falamos de Concello, da Casa da Cultura e falamos da Casa da música para instalación de fotovoltaicas e esa subvención que facía referencia do INEGA. Hai moito traballo feito non sabemos si vai ter resultado inmediato, a curto ou a medio prazo, pero traballo feito si que hai.

**Sr. González Coto:** É verdade que algunhas iniciativas que propuxo o Partido Popular, como Movemento Salceda e PSOE estando no goberno, están agora reflexadas agora neste novo documento e incluso algunhas delas, como suxerencia de cando foi aprobado a modificación da ordenanza de vehículos eléctricos en outubro do ano, pasado xa miraches que a sacamos adiante. Si se traballa en proxectos que poidamos coller e plasmar, como acaba de dicir Loli, tanto sexa no INEGA como sexa no IDAE, temos traballo andado, evidentemente os resultados chegaran cando cheguen, hai moitas destas cousas que non son inmediatas, os cartos que temos do Plan Concellos son decisións políticas.

**Sr. González Souto:** Sobre a subvención de 1.435.000€ do IDAE sabes canto representa o alumeadado público en emisións en Salceda? 1,9%, ou sexa, ides investir un millón e pico onde ten unha repercusión de 1,9%, quizá esa subvención habería que buscala cara a consumo de electricidade, como pode ser a implantación de paneis fotovoltaicos que estou propondo aquí, sobre todo porque a redución de emisións sería moito máis rentable investir ese diñeiro no que os propoño que en cambiar as luminarias, que tamén é importante. As comercializadoras coas que se traballan teñen unha etiqueta enerxética que de certa maneira directa ou indirectamente contribuímos a maiores ou a menores emisións de CO<sub>2</sub>, polo tanto ter en conta á hora de contratar coas comercializadoras de enerxía no mix que hai a nivel estatal e o mix de, entrar en ciclo combinado, nucleares tamén ten certa relevancia, de feito hai comercializadores que venden enerxía case 100% renovable e hai outras comercializadoras que a maior parte saen de centrais nucleares e tamén de entrar en ciclo combinado, as cales sobre todo as de gas emiten moito máis CO<sub>2</sub>. Creo que tamén é unha cousa que se debería de ter en conta. Importante tamén sería controlar a factura da luz que poida pagar o Concello, optimizar as potencias contratadas, iso é unha parte moi importante, cando teñamos un circuíto só de alumeadado público sería interesante que non teñamos un coste único de KV para todo o tramo horario do día, senón cando se gasta alumeadado público? De 10 da noite a 8 mañá, tal como está o prezo da enerxía, un estudio a fondo disto incidiría nun aforro para os veciños nos costes e polo tanto para o Concello. Ampliación nos obxectivos na área de transferencia modal cara traxectos a pe a bicicleta, falamos de carril-bici pero temos 780m que nin tan sequera, para nós, están en boas condicións, pregunto



qué pasa coa Deputación? Eu suxírolle que cando vai a Deputación lle di que o PP votou en contra de retirar os bordillos que seguramente lle farán un pouco máis de caso.

**Sra. Alcaldesa:** En canto ao carril-bici, sabes que hai unha petición de que veñan a miralo os técnicos da Deputación, é verdade que aínda non nos contestaron pero non se preocupen que intentarei insistirle para que veñan a revisalo. En canto ao tema que estamos tratando neste punto, xa lle comentaron os meus compañeiros de goberno que hai moito traballo feito, se solicitaron moitas subvencións, sei que dende tanto a Concellería de servizos municipais como dende a Concellería de Medio Ambiente se están facendo estudos de consumo coas eléctricas, o tema está enroiba da mesa, leva tempo enriba da mesa e traballando nel, non todos os traballos que facemos dan esa imaxe da que o compañeiro Primitivo falaba, de votos instantáneos e foto, moito do traballo que se fai os froitos serán a longo prazo, oxalá sexan máis pronto que tarde, pero estamos falando de subvencións de moito diñeiro, de estudos moi longos dos que se empezou a traballar dende fai moito tempo xa. Desgraciadamente as cousas van lentas, por poñer un exemplo, o convenio para cambiar as luminarias do casco urbano se asinou a principio desta lexislatura e púidose levar a cabo fai uns meses. Desgraciadamente son iniciativas e subvencións que van moi lentas, dende logo o traballo esta feito, as bases están postas, non podemos adiantar moitas cousas das que non dependen de nós e iso che pode asegurar que si nos interesa e que estamos co tema. Paso a dar lectura da proposta de acordo seguinte:

*“O Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía consiste no compromiso das cidades signatarias de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en máis do 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e a mobilidade urbana sostible, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte ao mesmo.*

*O concello de Salceda de Caselas, comprometido co obxecto de apoiar a implantación e desenvolvemento do sinalado Pacto, firmou a adhesión ao Pacto das Alcaldías o 22 de febreiro de 2019 e aprobou en pleno o 30 de novembro de 2020 o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) de Salceda de Caselas co obxectivo de mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) e adaptación ao cambio climático no marco de Materia e Enerxía que a Unión Europea traslada ás Autoridades Locais.*

*Vista a necesidade de modificar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) de Salceda de Caselas aprobado o 30.10.2020 polos seguintes motivos:*

*Ampliación dos obxectivos e das medidas a tomar coa finalidade de acadar a redución do 40% de emisións e obtela validación por parte da oficina do Pacto de Alcaldías dependente da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.*



*Inclusión de novas medidas a tomar na área de Instalacións municipais: Implantación de enerxía renovable fotovoltaica.*

*Ampliación de obxectivos na área Transferencia modal cara traxectos a pé e bicicleta.*

*Creación de fichas por cada unha das medidas coa porcentaxe e cifras de aforro enerxético.*

*Realizada a tramitación correspondente PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** *Aprobar a modificación do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) de Salceda de Caselas, co fin de dar cumprimento aos compromisos asumidos coa adhesión ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía.*

**SEGUNDO.-** *a Remitir copia do presente Acordo xunto co Plan de Acción para o Clima e Enerxía Sostible (PACES) de Salceda de Caselas á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e proceder á substitución do documento na web [www.pactodelosalcaldes.eu/](http://www.pactodelosalcaldes.eu/)*

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) de Salceda de Caselas, co fin de dar cumprimento aos compromisos asumidos coa adhesión ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía.

**SEGUNDO.-** a Remitir copia do presente Acordo xunto co Plan de Acción para o Clima e Enerxía Sostible (PACES) de Salceda de Caselas á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e proceder á substitución do documento na web [www.pactodelosalcaldes.eu/](http://www.pactodelosalcaldes.eu/)

### **Moción do grupo do PP: Modificación da ordenanza reguladora do ICIO.**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0



**Sra. Alcaldesa:** O equipo de goberno parécenos asumibles os puntos que indicades na ordenanza, unha vez estudiados, sabedes que se necesitan informes e se necesita cumprir cun procedemento para dar acollida aos puntos que vos pedides de iniciar unha modificación dunha ordenanza, é un procedemento que está regulado, unha necesidade de informes e outras cuestións polo que entendemos a pesar de que habería que estudialo e por de pronto non o consideramos inasumible, pero habería que ter os informes e abrir o procedemento de modificación dunha ordenanza como é ao do ICIO para poder arrancala.

Creo que é unha ordenanza, igual que o regulamento de alimentos, que tamén necesitaba unha modificación, revisión, temos que traballar nela e temos que iniciar ese procedemento e estudar se isto é asumible, igual que algúns cambios que consideramos que deberían ser tamén, por poñer un exemplo, o tema de cartel de obra e algunha cousa máis, polo tanto esa revisión da Ordenanza a asumimos pero temos que facer o procedemento que corresponde, polo que a nosa proposta é deixar este tema enriba da mesa.

**Sr. González Souto:** Sabemos que o procedemento require uns informes, tamén me gustaría saber canto contemplaron de ingresos por ICIO neste tipo de obras que queremos bonificar aquí, me imaxino que moi pouco. Os informes son preceptivos e hai que pedilos, pero non creo que teñan ningún tipo de impedimento. Podemos cambiar a palabra “modificar a ordenanza” por “iniciar o procedemento”. Recórdovos que canto plantexamos algo dende o Partido Popular as respostas son: xa estamos traballando niso, xa o temos medio estudiado, etc... Ademais isto vai en consonancia co PACES, o PACES recolle este tipo de acción para fomentar o uso de enerxía renovables e agora porque sexa modificar e non iniciar queiran sacalo da orde do día non me parece moi elegante.

**Sra. Alcaldesa:** Creo que me interpretaches mal, dende longo non é cuestión de elegancia, a cuestión é que para iniciar a modificación dunha ordenanza necesítase abrir un procedemento de modificación de ordenanza con todos os informes. Acabas de preguntar canto se ingresou por ICIO neste tipo de obras, pois non che pode contestar si non hai un informe, nin che podo contestar si o informe que faga intervención vai a ser favorable, pero máis alá dos informes, hai que iniciar un procedemento que está regulado para a modificación da ordenanza. Creo que somos de palabra e dicimos que vamos a iniciar un procedemento de revisión desa ordenanza, que ademais necesita modificación doutras cuestións, non podemos aprobar algo que non cumpre o procedemento. Vos poñedes “modificar” e poñedes dous puntos concretos, iso non podemos aprobalo así.

**Sr. González Souto:** Nós si plantexamos algo, temos que plantexar o que queremos que se faga para que se fagan os informes preceptivos para saber canto vai a diminuír os ingresos, por parte de intervención ou tesourería terán que saber o que queremos reducir. Si non lle gusta a palabra modificar eu fago unha emenda verbal e digo en vez de modificar dicir: “Instar a modificación da Ordenanza Fiscal nº 24,



reguladora do ICIO". Verónica, vostede dirixe o pleno eu non vou dar máis argumentos dos que xa din, evidentemente pode haber unha vontade por parte do goberno de chegar a un acordo e levar a diante esta moción, pódolle o matiz que queira, o único prexudicado aquí vai se o veciño que queira colocar os paneis fotovoltaicos porque está pagando unha barbaridade de luz e vostedes, cando falan da política a corto prazo fai un momento, o que fan é retrasar con tanta burocracia en vez de ser áxiles e dinámicos. Estamos aquí a debater si é modificar, se é instar agora vostede dirixe o pleno polo tanto a decisión é súa.

**Sra. Alcaldesa:** A Secretaria o que me di e que si o que queredes e instar, o que realmente o que estades facendo é un rogo, instando para que se modifique este ordenanza, o facemos en concepto de rogo e o recollemos, é cuestión de procedemento e legalidade, recollemos que instan a modificación desta ordenanza, é o que legalmente me está informa a Secretaria. Non podemos modificar unha ordenanza sen o procedemento regulado.

**Sr. Rodríguez Davila:** Isto é unha decisión política e aquí queda claro que vostede non ten intención de levar esta iniciativa, como ven dixo o compañeiro Primitivo. Como está na orde do día, se vostede non quere someter a aprobación nin a debate esta proposta que trae este grupo, vostede vote a retirada da orde do día e que o pleno se manifeste, si sae a diante perfecto y si non sae a diante a debatemos e a votamos.

**Sra. Alcaldesa:** Este goberno recolle que instan a modificación da ordenanza pero non a modificación iniciando un procedemento que non é o establecido. Sometemos a votación a retirada do orde do día.

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a retirada do asunto da orde día este queda aprobada por SETE votos a favor (4MS e 3PSOE) e SEIS votos en contra (PP), acordando polo tanto deixar sobre a mesa por falta de informes preceptivos.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Dación de conta de decretos dende o núm. 2022-0198 de 21 de febreiro ata o núm. 2022-0487 de 22 de abril.**

Queda dada conta dos decreto dende o número 2022-0198 de 21 de febrero ata o número. 2022-0487 de 22 de abril.

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES



**ROGOS:**

**1º) Sr. Rodríguez Davila:** Rógolle ao goberno que atenda as propostas que fai este grupo que benefician aos veciños, que non prexudican a ninguén e que todo o contrari, a parte de beneficiar incentivan a economía, incentivan ao emprego, polo tanto non lle poñan peros a cousas como a que trouxemos fai un momento a este pleno que vostedes impiden tramitala con urxencia e que non teñan os veciños que seguir esperando.

**2º) Sr. Rodríguez Davila:** Rógolle ao goberno a que fagan un plan de traballo e que planifiquen os traballos, que non se improvise sobre algo que é previsible, que non se dean órdenes por ocorrencias senón que se fagan por prioridades e necesidades, que se optimicen os recursos, os medios e o material a empregar para que seaxn eficientes. Rogamos que se organicen as rutas de cara aos traballos para optimizar os recursos do Concello e non ter que andar ás voltas. Rogamos que se estudie con detemento, se estudien as propostas alternativas escoitando as diferentes propostas e que se estudien con detemento para non ter que ir dúas ou tres veces a facer os mesmos traballos. En definitiva, o que facemos é trasladarlle ao goberno que hai que organizar o traballo dos traballadores e que non ocorra o que está ocorrendo nos últimos tempos, que moitas veces non saben que facer porque o goberno non ten planificado nin dan ordenes en tempo e forma para que se vaian ao seu traballo. Iso é optimizar os recursos, o persoal e o material deste Concello.

**Sra. Castiñeira Alén:** Só un matiz no segundo rogo, como responsable de vías e obras, me podes por un exemplo do que acabas de dicir, de falta de coordinación ou de enviar o persoal de maneira incontrolada ou pouco ordenada en realizar as obras.

**Sr. Rodríguez Davila:** Si vostede se sente aludida é porque algo está facendo mal, vostede, escoite a miña intervención, lea a miña intervención e xa verá como non só me refiro ao seu departamento, que tamén, que vostede pregunte iso a este grupo cando sabe perfectamente o que está acontecer neste Concello nos últimos tempos, respecto da planificación do traballo, dos recursos, como se utilizan, por quen se utilizan, que vostede me pregunte iso xa di moito de quen ten a responsabilidade de dirixir o departamento, de quen ten persoal. Si vostede cree que é un exemplo a seguir pois mire o problema teno vostede, pero non só vostede, o teñen os veciños que padecemos as consecuencias dun goberno que non planifica con tempo e rigor o traballo que ten que facer o persoal a disposición, non de vostedes, senón dos veciños que pagamos os impostos para ter uns servizos públicos e eficientes e eficaces.

**3º) Sr. Rodríguez Davila:** Sra. Alcaldesa, lle rogo, que revise as súas propostas cando era membro da oposición, que revise o que dicía por aquel entón, que revise as súas intervencións nos plenos respecto das iniciativas como as que acabamos de traer ao pleno e que vostedes vetaron e que con esa revisión das súas intervencións, dos seus



escritos, do que vostede dicía, actúen en consecuencia e exerza como Alcaldesa e faga o que dicía por aquel entón.

**Sr. González Souto:**

**4º)** O Texto Refundido das Facendas Locais recolle que hai unhas bonificacións no ICIO onde permite unha bonificación de ata un 90%-95% para as instalacións fotovoltaicas ou térmicas, eléctricas nese caso, e tamén de unha bonificación de ata o 90% para construcións e instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade a discapacitados. No contexto global no que vivimos, cunha dependencia total externa a nivel enerxético e dun mercado errático de combustibles e de electricidade que debilita as economías ás familias e dificulta a viabilidade das nosas empresas, este Grupo considera que o Concello ten que minimizar a recadación no ICIO neste tipo de obras para incentivar axudar a particulares e a empresas para que aposten pola enerxía renovables e fomentar o autoconsumo enerxético. Os beneficios da iniciativa privada que decidan investir en fotovoltaicas ou térmico solar non son soamente medioambientais senón que axudan a reducir a dependencia do sistema enerxético global, o cal debería repercutir nunha baixada dos prezos da enerxía polo mero feito do descenso da demanda. Facilitar o uso de vehículos eléctricos tamén é dispor de puntos onde poder recargar dentro do noso Concello, polo que resulta coherente dende a Corporación apoiar a bonificación do ICIO para instalacións deses puntos de carga. O artigo 23-2.f incorporouse no 2021 porque se adoptaron medidas urxentes no ámbito enerxético para o fomento da mobilidade eléctrica, este punto é o que pretendo que se poida incorporar como bonificación potestativa na Ordenanza do ICIO municipal. Polo que acabo de dicir rógolle ao goberno substituír o artigo 5.2 da Ordenanza do ICIO no que respecta á porcentaxe de bonificación a aplicar, pasalo ao 90 en vez do 50; segundo punto: substituír no artigo 5.3 da mesma ordenanza trocar do 50 ao 95% de bonificación e terceiro: engadir no artigo 5 da Ordenanza un novo apartado "5.4. As construcións, instalacións ou obras necesarias para instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos gozarán dunha bonificación do 90% a bonificación prevista neste apartado aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulta de multiplica o orzamento de execución material das obras especificamente destinadas a tal fin", agora a ver canto tarda o goberno en tralo ao Pleno para unha modificación efectiva da Ordenanza.

**Sra. Alcaldesa:** Insisto no que dixen anteriormente, este equipo de goberno non o mira inasumible, unha vez feitos os estudos que habería que velo, pero non tal como esta, e esa modificación ou revisión desa ordenanza se realizará ao completo. Tamén teño un rogo e é que a palabra "discapacitado" xa non se utiliza hai tempo, tamén temos que ir adaptándonos a chamarlle as cousas nunha linguaxe máis inclusiva.





## PREGUNTAS:

**1º) Sr. Núñez Troncoso:** Sobre o camiño da Crega-Mallón, Soutelo. Os afectados nos transmiten que a Concelleira actual de vías e obras antes Alcaldesa, M<sup>a</sup> Dolores Castiñeira, confírmalle que lle dera instrucións á empresa para que procedera ao arranxo dese camiño, a Alcaldesa que estivo alí fai un mes máis ou menos e parece ser que desas instrucións non sabe nada ou non sabía nada ata ese día, a nós a verdade que as liortas que vostedes teñan, que as teñen, a Alcaldesa e a anterior Alcaldesa e portavoz de Movemento Salceda a verdade e que non nos interesan para nada, o que queremos é simplemente que lle resolvan os problemas que teñen estes veciños, que o problema é grave, vostedes ven razoable que teña unha ambulancia, que quedar a 200 metros da casa como lle pasou a esta familia fai un mes aproximadamente, van a arranxar o camiño e cando?

**Sra. Castiñeira Alén:** Como nas dúas ocasións dos plenos anteriores, porque foron dúas ocasións nas que me preguntou, ese camiño vaise a arranxar e comunicáraselle aos veciños cando se realice o arranxo. o que non vou entrar en máis comentarios, non converta vostede o pleno nun salón de “Sálvame deluxe”, isto é outra cousa un pouquiño máis seria na que se fala de cousas interesantes para a nosa veciñanza, e repítolle, ese camiño vaise arranxar, os veciños e veciñas saben que poden vir a falar comigo cando queiran e saben que coñezo as súas necesidades, é certo que moitas veces non se pode chegar a tempo en tempo e forma a todo, pero a de se chegar, o camiño farase.

**2º) Sr. Núñez Troncoso:** No último ano e medio entraron a roubar na nave do Torrón, onde hai gardados vehículos e ferramentas de bastante valor, queríamos saber si se presentaron denuncias por eses roubos, que valor se estima ao que se roubou e canto se cobrou ou pagou o seguro?

**Sra. Pereira González:** Fíxose denuncia de todos eles, do primeiro que foi no ano anterior cobráronse entorno a 600€, o valor que puidemos probar con facturas de ferramentas que había alí e deste últimos dous está a denuncia presentada, demos parte ao seguro pero aínda non cobramos nada.

**Sra. Castiñeira Alén:** Tamén se están facendo traballos cunha empresa para reforzar a seguridade pero é certo que antes de reforzar a seguridade na nave hai que facelo no exterior do edificio, porque esixe unha serie de condicionantes para que despois se poidan instalar cámaras ou outro tipo de sistema de seguridade.

**3º) Sra. Pérez Cabaleiro:** Traio unha pregunta que fixen fai un ano, no pleno de abril de 2021, en decembro de 2021 e agora debido que se achega a época de exames volvo a facer esta pregunta, debido a que a mocidade síguenos demandando que se abra a biblioteca en período extraordinario, que non estamos dicindo que se faga durante todo o ano, senón en período extraordinario de exames, durante os fin de semana, máis este ano están convocadas como cada ano as oposicións de educación



e en Salceda hai moitos mozos e mozas que van a presentarse a ditos oposicións e aos fins de semana non teñen a onde estudar, ou se desprazan a outros Concellos para poder ir a unha biblioteca a estudar, simplemente facer a seguinte pregunta: se vai a abrir a biblioteca en período extraordinario aos fins de semana?

**Sr. Rodríguez Canosa:** Analizaremos a situación, a demanda actual da sala de estudio, dependendo a demanda, si non temos demanda evidentemente non, si vaga a pena si. Tamén vos adianto que estamos traballando na creación dunha nova aula de estudio noutra localización distinta ao centro, estamos traballando nese novo proxecto para que teñan unha nova sala de estudio máis acaída.

**4º) Sr. González Souto:** Fai un momento, Verónica dixo que hai que dar exemplo no cumprimento ao ROM, formalmente aquí, creo que dúas veces, díxonos que nos ia a pasar información das peticións formais que había solicitadas á Deputación para que se desprazaran os técnicos para a posible modificación do carril-bici, non nos chegou nada, pregunto: Cantas peticións formais existen á Deputación dun acordo plenario de decembro de 2020 onde se acordou neste pleno para instar a Deputación a que revise a seguridade do carril-bici? Si me pode facer chegar esas comunicacións, copia do documento, porque lévollo reclamado fai moito tempo e non cumpre o que se acorda no pleno.

**Sra. Alcaldesa:** Creo que a única vez que che respondín sobre o carril-bici, eu como Alcaldesa, foi no pleno anterior, entendinche no último pleno que ias a facer esa petición como fas de toda a documentación que pedides, normalmente metedes un escrito por rexistro pedindo a documentación que necesitas, é o procedemento a seguir, din por feito que solicitariades a documentación como solicitudes toda outra documentación por rexistro, non chegou esa petición, non demos resposta, eu entendín que o fariades como o facedes sempre, facedes a petición por escrito tanto das facturas como dalgún documento en concreto, incluso de algúns rexistros de saída e de entrada e din por feito que se ia a facer esa petición, non se fixo pero a teño en conta, non hai problema. Pedíriache que fixeras a petición por escrito.

**5º) Sra. Valcárcel Bernárdez:** Queríamos saber si o Concello xa lle trasladou ao Catastro a modificación das numeracións das vivenda para que poidan chegar os recibos correctamente, tanto ao catastro, ORAL e Consorcio.

**Sra. Pereira González:** Si está trasladado a todos eles e me consta que está feito en Catastro, xa nos deron comunicación de que xa pecharan o expediente e de que xa habían modificado todos os domicilios, en ORAL estaban con elo haberá quince días, hai tres semanas se puxo en contacto con nós o informático para facer uns comprobacións co programa do Padrón, e o Consorcio se lle pasou pero non tiven noticia si o están modificando ou non, non sei en que punto están.

**6º) Sra. Pérez Domínguez:** Nos consta a vosa visita polas parroquias esta semana, en concreto na de Picoña, falastes sobre o saneamento para facer na Rotea, e en



Ataúde, queriamos saber si xa tedes un proxecto en concreto para esa obra, si xa sabedes que obra vai a ser si en Ataúde ou na Rotea.

**Sr. González Coto:** O que lles dixemos é que temos unha valoración inicial do Consorcio, da zona de Ataúde que ven sendo para recoller quince casas, non chegaría a Rotea, esa valoración e o proxecto que estamos traballando nel.

**Sra. Alcaldesa:** Valoracións hai máis na zona de Picoña, nese caso por importe é a que en principio pode asumirse dentro do Plan Concellos 2023 que se ten que presentar en novembro, e estamos traballando no que é a redacción do proxecto e vamos a mirar si é posible encaixalo aí, valoracións de Picoña hai varias tamén na Fraga.

**7º) Sra. Valcárcel Bernárdez:** Quería saber si as solicitudes que se fan telematicamente contéstase polo departamento que lle corresponde, ou non? Eu fixen varias solicitudes, instancias e nunca se me deu contestación de nada, relativas a alumeados, limpeza, etc... se fan os traballos pero nunca tiven resposta, quedan no aire si chegan ou no, nunca tiven resposta non sei si é só comigo ou con todos os veciños. Por exemplo unha reclamación que presentei a catastro.

**Sra. Alcaldesa:** Por exemplo en urbanismo as peticións que entran se contestan porque son normalmente licencias, etc.. as solicitudes que hai de limpeza, desbroces, etc...se levan a cabo.

**Sra. Pereira González:** As de catastro, foron miles como imaxinaredes e se lles trasladaron, as que estaban correctas a Catastro e o que se vai facer é notificar as que están incorrectas as que non cumprían os parámetros, estamos co proceso porque hai que xestionar como xerar esas cartas e como darlle saída e tamén se anunciaran nese momento que se notificaran as desestimadas as estimadas no.

**Sra. Alcaldesa:** Outro exemplo nas de limpeza de fincas o que se fai é abrir expediente e comunicar a quen ten que limpala e demais, polo xeral se contestan pero hai algunhas cuestións que non.

**Sr. González González:** O máis fácil o máis rápido é que me chames a min directamente.

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

